

Os ditos do *Diccionario de mejicanismos* de Santamaría¹

Herón Pérez Martínez²

El Colegio de Michoacán

Despois de esboza-lo que adoita ser e facer a fraseoloxía, o artigo explora o *Diccionario de mejicanismos* de Francisco J. Santamaría a partir, sobre todo, dun corpus de exclamacións paremiolóxicas que propón como unha fonte para o estudo da fraseoloxía mexicana, da que ofrece ademais unha pequena taxonomía.

Palabras clave: fraseoloxía, exclamacións paremiolóxicas, *Diccionario de mejicanismos* de Santamaría.

After sketching a rough concept of what phraseology normally is and does, this paper explores the *Diccionario de mejicanismos* by Francisco J. Santamaría. Such analysis is, above all, based on a corpus of paremiological exclamations proposed as a source to study Mexican phraseology. In addition, a small taxonomy is presented.

Key words: phraseology, paremiological exclamations, Santamaría's *Diccionario de mejicanismos*.

1. Cara a unha fraseoloxía mexicana

Adoita chamarse fraseoloxía tanto o recurso léxico ó que ten acceso o falante, nativo e competente, de calquera lingua como o seu estudo. A fraseoloxía como parte do léxico consiste no “conjunto de frases idiomáticas del discurso repetido de una lengua” (Raimondo 1991). É unha subdisciplina da lexicoloxía (Corpas 1997): converteuse, se ben se mira, nun eido de estudo híbrido que, por unha banda, pertence á lexicoloxía pero, por outra, está por moitas razóns emparentado con territorios gnómicos como o da paremioloxía. Tódalas linguas, certamente, amais do acervo léxico de que dan conta os dicionarios, desenvolven a creación e uso por parte dos seus falantes dunha serie de expresións fixas, de tipo familiar ou, en todo caso, de índole máis local coas que fan

¹ Neste artigo utilizo unha parte da presentación do meu libro *Los refranes del hablar mexicano en el siglo XX*, publicado en 2002 en coedición por El Colegio de Michoacán e maillo Consejo Nacional para la Cultura y las Artes (CONACULTA).

² Tradución de Cristina Veiga Novoa.

referencia, con puntualidade e colorido, ás máis variadas cousas e accións da vida. As frases idiomáticas constitúen a marca e trazo distintivo máis enxebre co que as falas marcan a súa peculiaridade en relación coa lingua correspondente.

A fraseoloxía como disciplina lingüística, pola contra, ten como obxecto de estudo as unidades fraseolóxicas³. O máis frecuente é facer consta-lo conxunto de unidades fraseolóxicas, ó que se lle dá ese nome, de expresións pluriverbais, institucionalizadas e, por tanto, estables; que teñen algunha peculiaridade sintáctica ou semántica e que son susceptibles dalgunha variación nos seus elementos integrantes (Corpas 1997: 16-20). Dalgún xeito, a fraseoloxía é un eido máis amplo do que forma parte a paremioloxía e cuxos outros subtipos aínda non están identificados con nome e trazos distintivos⁴. Neste punto só nos ocuparemos dos ditos ou aquelas unidades fraseolóxicas que desempeñan unha función paremiolóxica, sexa de ornato ou de *exemplum*. Non nos ocuparemos, pois, dos refráns propiamente ditos. As unidades fraseolóxicas que trataremos poden ser denominadas *enunciados fraseolóxicos* ou *frases paremiolóxicas*⁵.

As unidades fraseolóxicas forman parte das formas breves que, cristalizadas e endurecidas polo uso, non só non poden ser modificadas polo falante senón que din máis do que expresan na medida en que cada unha ten en conxunto un significado diferente do resultante da suma dos significados parciais dos vocábulos constitutivos. As unidades fraseolóxicas funcionan pola confluencia dunha forma verbal cun contexto sociocultural. O feito de diciren máis do que enuncian vénlles ás unidades fraseolóxicas de estaren permanentemente vinculadas a un referente connotado, moi concreto, estreitamente relacionado co mundo da experiencia do pobo ou da familia que as usa. A fraseoloxía, en todo caso, está máis preto da fala ca da lingua dun pobo, aínda que as súas unidades manifesten a tendencia a integrárense nos recursos da lingua. Neste sentido, pódese dicir que as variedades dunha lingua comparten unidades fraseolóxicas das que, á súa vez, se pode dicir que moitas só funcionan nalgunhas normas lingüísticas particulares xa que, como sinalamos anteriormente, a fraseoloxía dunha lingua está alimentada polas súas falas.

³ En realidade, aínda non hai acordo nin sobre o nome xenérico nin sobre unha tipoloxía universalmente aceptada por tódolos estudosos da lingua, como pode verse ben en obras como o citado *Manual de fraseoloxía española* de Gloria Corpas Pastor, ben en revistas do tipo dos *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, editada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Outras obras que se ocupan da fraseoloxía danlles outros nomes ás unidades fraseolóxicas que estudan. Por exemplo, Julia Sevilla Muñoz e Jesús Cantera Ortiz de Urbina, no seu *Diccionario de locuciones francesas con su correspondencia española* (2004), empregan o termo máis xenérico de *locuciones*, as cales xuntan cos *refranes*.

⁴ Esta relación entre fraseoloxía e paremioloxía é análoga á desenvolvida en Francia entre as formas breves e a súa tipoloxía. Verbo desta cuestión poden verse traballos como os de Alain A. Montadon sobre as formas breves (1992); J. Heistein e A. Montadon (1991) ou ben a revista *Tigre*, de Grenoble, dirixida por Michel Lafon. Así mesmo, pode consultarse o meu libro *El hablar lapidario. Ensayo de paremiología mexicana* (Pérez 1996).

⁵ Distinguímolas dos *refráns* propiamente ditos que desempeñan unha función argumentativa de tipo entimemático, o cal vén se-lo trazo distintivo paremiolóxico por excelencia. Véxase, entre outras moitas cousas, o noso libro *El hablar lapidario. Ensayo de paremiología mexicana*, op. cit. Estritamente falando, os refráns son tamén, sen dúbida, *frases paremiolóxicas*: para evitar este tipo de confusións falamos de *ditos*.

Descrita deste xeito, a fraseoloxía dunha fala ten moitas características que comparte co uso e funcións discursivas doutra das formas breves ilustres: os refráns. As formas breves, efectivamente, están constituídas sobre todo por tres grandes tradicións: narrativa, dialóxica e discursiva. Delas interéсанos a árbore xenealóxica desta última tradición, que desenvolve as formas sapienciais como o chiste, o enigma e a adiviña a carón das formas lapidarias, entre as que hai que coloca-las formas que poderíamos chamar *gnomemáticas* como os refráns, axiomas, aforismos, adaxios, apotegmas, máximas, sentenzas, lemas, frases célebres, ditos e, en xeral, o que comunmente se chama *unidades fraseolóxicas*. As formas gnomemáticas comparten unha serie de trazos discursivos que tanto a paremioloxía como os estudos fraseolóxicos deben desenvolver no futuro.

A fraseoloxía dunha lingua como o castelán dáse nunha variedade tan extensa como as súas falas: nunha lingua hai tanta variedade fraseolóxica como variedade hai dos seus falantes particulares. De feito, a fraseoloxía indica as tinturas propias coas que unha fala local ou rexional se impregna, as particularidades coas que accede ós seus currunchos e coas que colora as súas cousas máis íntimas: a carga da fraseoloxía dunha destas falas corren as tinturas do que se deu en chamar o *xenio da lingua*⁶ e que na historia da tradutoloxía adoita representa-lo sacaúntos dos tradutores. Neste sentido, pódese dicir que hai unha fraseoloxía hispánica propia de cada unha desas falas particulares. Por tanto, unha fraseoloxía mexicana terá moitísimos puntos de coincidencia co que hoxe sabemos de fraseoloxía castelá⁷.

A fraseoloxía ocúpase de expresións como *en un dos por tres*, *echarle crema a sus tacos*, *pasar de panzazo*, *lograr algo* ou *trabajar con las uñas*, *rascarse con sus propias uñas* e, dende logo, de moitas outras que forman parte ben do que a lexicografía tradicional ten chamado xiros, modismos, frases feitas, locucións... ben do que nalgúns ámbitos da paremioloxía mexicana se adoita chamar *dichos*. A frase feita, por exemplo, é unha expresión coloquial invariable e de sentido figurado que, principalmente nos textos literarios, serve para caracteriza-la lingua das personaxes ou do narrador (Platas 2000).

No refraneiro mexicano, non obstante, abunda outro tipo de refráns ós que chamei noutra parte⁸ *refráns exclamativos* e que dende o punto de vista discursivo funcionan dunha maneira diferente á dos refráns sentenza. Son textos que, dende logo, están no ámbito dos ditos máis que no dos refráns propiamente ditos, como chamamos ós refráns que discursivamente desempeñan unha función entimemática. Son estes refráns exclamativos os que denominamos máis arriba *frases paremiolóxicas*. Están constituídos tanto por exclamacións como por frases sentenciosas dotadas dun certo rango de exclamatividade. En castelán, como é ben sabido, non existen marcas sintácticas da exclamatividade: os trazos da exclamatividade radican máis ben na enunciación e expresan, semanticamente, estados espirituais do falante (Alcina e Blecua 1975: 481 e segs.). Frases que, por tanto,

⁶ A singularidade destes desenvolvementos é posta de relevo por Álex Grijelmo (2005).

⁷ Para ter unha idea do que é a fraseoloxía castelá poden verse os traballos e as respectivas bibliografías, por exemplo, de Leonor Ruiz Gurillo, Alberto Zuluaga, Gloria Corpas Pastor ou de Guillermo Suazo Pascual.

⁸ Véxase tanto o noso libro *Por el refranero mexicano* (Pérez 1988) como o xa citado *Refrán viejo nunca miente*.

dende outro punto de vista poidan ser consideradas sentenzas, poden ser exclamativas dende o punto de vista pragmático na medida en que ó enunciárense sexan susceptibles de adoptaren unha liña melódica exclamativa ascendente ou ondulada.

Como xa se pode desprender do dito ata agora, a exclamatividade como trazo paremiolóxico ten distintos graos: hai no noso corpus de frases paremiolóxicas tanto exclamacións paremiolóxicas puras como constatacións, declaracións e, en xeral, gnomemas de índole exclamativa. Chamamos exclamacións paremiolóxicas puras aquelas exclamacións que non teñen máis finalidade semántica cá de indicar un estado de ánimo. Este tipo de exclamacións poden estar montadas sobre unha interxección, aínda que con frecuencia elas mesmas poidan ser asumidas como unha grande interxección. Así, como ben se sabe, calquera frase pode converterse en exclamativa segundo o tipo de entoación coa que sexa enunciada. A única marca morfolóxica da exclamación consiste nos pronomes exclamativos *qué*, *cómo* e *cuán* ou *cuánto* (Alcina e Blecua 1975: 596). As exclamacións paremiolóxicas puras, de certo, non son máis cá prolongación dunha interxección ou unha magna interxección⁹. Do primeiro caso sirva de exemplo: *¡Ah!... ¡qué gente tiene mi amo y más que le está llegando!* Do segundo, en cambio: *¡Ahora que entierran de oquis, vámonos muriendo todos!*

Poderíase obxectar que a exclamatividade é un trazo que só poden te-los textos orais. No entanto, como ben se sabe, o discurso falado ten varios privilexios de primariedade sobre o discurso escrito e un deles é, sen dúbida, o feito de que os trazos discursivos dos textos, ó igual cós trazos gramaticais, son extraídos principalmente dos textos falados: para sabermos se unha expresión é exclamativa hai que practicarlle un test de exclamatividade. Hai exclamacións reflexivas, por exemplo, nas que é máis propia unha enunciación reflexiva ca unha exclamativa: *Hay tiempos de acometer y tiempos de retirar: tiempos de gastar un peso y otros de gastar un real*. Forma parte da competencia lingüística do falante nativo este tipo de categorizacións.

As exclamacións paremiolóxicas puras, en xeral, non serven para argumentar, non se enclavan no discurso, preferentemente dialóxico, de maneira entimemática: funcionan máis ben como ornato; son un son estupendo, ben labrado, que soa ben. Con frecuencia este tipo de textos ten co seu entorno discursivo un enlace de tipo exclusivamente acústico constituído, normalmente, polas primeiras palabras do texto gnómico: enclávanse no discurso maior no que funcionan mediante as primeiras palabras da frase paremiolóxica e, por iso, serven de enlace co discurso. Así, palabras como *ánimas* e *vámonos*. *Ánimas*, no discurso popular, remite a unha unidade fraseolóxica interxectiva que indica desexo ou sorpresa: *¡Ánimas santas!* Las palabras *ánimas* e *vámonos*, daquela, serven de elo entre o discurso e o texto gnómico: *Ánimas que salga el sol p'a saber como amanece; Vámonos muriendo ahorita que están enterrando gratis*. O refraneiro mexicano, por exemplo, abunda en ditos exclamativos que, como se pode ver, non só se insiren no discurso maior mediante o xa mencionado nexo acústico, senón doutros xeitos, como manifestan frases paremiolóxicas do tipo *Allá en San Andrés, quien*

⁹ Para o concepto de *interxección* no castelán contemporáneo véxase: Alcina e Blecua (1975: 817 e segs.)

parece bruto, bruto es, ou ben *A quien lo quiera celeste que le cueste*. En ambos casos, trátase de irrupcións exclamativas de tipo sentencial.

2. Pola fraseoloxía paremiolóxica de don Francisco de Santamaría

Lexicógrafo, historiador, bibliógrafo e académico da lingua, o licenciado e profesor don Francisco Santamaría naceu en Cacós, Tabasco, en 1886. Cursou os estudos no seu Tabasco natal, onde obtivo o título de profesor normalista. Ensinou matemáticas na que hoxe é a Universidad de Tabasco. Tras proseguir os seus estudos na cidade de México e graduarse de avogado, formou parte da xudicatura. Foi gobernador de Tabasco entre 1946 e 1952. Ingresou como membro de número da Academia Mexicana de la Lengua o 2 de abril de 1954 cun discurso que en parte constitúe actualmente a introdución á súa obra cumio, o *Diccionario de mejicanismos* (en adiante DM), á que nos referimos aquí e que apareceu publicada en setembro de 1959. A estatura e universo de intereses do mestre Santamaría aparecen moi ben nas súas outras publicacións maiores. En 1920 apareceu o seu libro *El provincialismo tabasqueño*, ó ano seguinte *Americanismo e barbarismo*; en 1926, *Glosa lexicográfica*. Despois dunha serie de escritos entre historiográficos, bibliográficos e literarios, retorna ó seu mundo de intereses lingüísticos en 1940 coa publicación de *La poesía tabasqueña*. Ó ano seguinte publica *Ensayo de crítica del lenguaje* e un ano despois, en 1942, aparece publicado o seu célebre *Diccionario de americanismos*, antecedente do dicionario que hoxe nos ocupa, que foi precedido, no entanto, por *El movimiento cultural en Tabasco*, publicado en 1946.

O DM é unha valiosa fonte de información para o fraseólogo e o paremiólogo mexicano e inspirou o *Índice de mexicanismos* que en terceira edición publicou en 2000 a Academia Mexicana de la Lengua (Academia Mexicana, México / CONACULTA / FCE, 2000) e que hoxe constitúe a fonte máis importante para o estudo da fraseoloxía mexicana. No DM o estudoso do falar lapidario mexicano pode atopar un milleiro entre ditos, xiros, modismos, frases feitas e refráns propiamente ditos, dos que recompila arredor de medio millar. Santamaría estrutura cada artigo do seu dicionario cunha observación etimolóxica, se é o caso, do vocábulo de entrada seguido das súas diversas acepcións. Coma tal, a palabra *cáscara* ten tres subentradas: *cáscara sagrada*, *La cáscara guarda al palo* e *ser uno de la cáscara amarga*. En cada caso ofrece unha explicación de uso e documéntaa con textos da literatura mexicana, principalmente do século XIX, ou doutros textos. Así, de *La cáscara guarda al palo* di que é un refrán e, para explicalo, reproduce, por unha banda, unha cita de *Perfiles del terruño*, obra publicada polo literato Cayetano Rodríguez Beltrán:

[...] *individuos para quienes un baño es un castigo de igual severidad que el del brasero en los pies* [...] *éstos son los que dicen para justificar su falta de* [...] *baños que la cáscara guarda al palo* (Rodríguez Beltrán 1902).

e, por outra, un fragmento de *El caporal* de Manuel Gil y Sáenz, que sobre esta frase di:

[...] *pues yo se, mi amo, un rejuán que dice: ‘la cáscara guarda al palo, por eso a su Merced le guarda el chaquetón’* (Gil y Sáenz 1884).

Baixo esta roupaxe, o *Diccionario de mejicanismos* de Santamaría ten un enorme caudal de unidades fraseolóxicas mexicanas, obxecto deste ensaio e, polo tanto, de locucións, ditos, xiros, modismos, frases feitas e demais expresións breves endurecidas que, por compartir funcións discursivas cos refráns, adoitan compartir páxina cos refráns propiamente ditos e aparecer indiscriminadamente nos refraneiros como los *Refranes populares de México*, de Guadalupe Apendini (1977).

3. Unha fonte da fraseoloxía mexicana

Unha boa fonte para estuda-las unidades fraseolóxicas características do falar mexicano é o *Diccionario de mejicanismos* de Santamaría. Polo xeral, Santamaría recolle, palabra por palabra e entrada por entrada, non só as acepcións máis frecuentes que nalgunha das falas mexicanas ten o vocábulo en cuestión senón que as documenta textualmente. A bibliografía na que se documenta o *Diccionario de mejicanismos* inclúe preto de un milleiro de autores e unhas mil cincocentas obras. Este amplo caudal bibliográfico está citado páxina por páxina e constitúe unha mostra representativa da máis importante textualidade mexicana escrita que vai do último terzo do século XIX ós anos cincuenta do século XX. Dende logo, trátase dun testemuño documental dos máis importantes xiros, modismos, frases feitas e ditos da fala popular mexicana, durante ese período, amais das frases paremiolóxicas, por suposto, do tipo de:

A ver de cuál cuero salen más correas (DM: 330a).

A ver si como roncan, duermen (DM: 946b e 1110b).

A ver si es cola, y pega (DM: 269b).

A ver si lavado tupe, o se acaba de arralar (DM: 657a).

Acá las tortas, y en Torreón los tacos (DM: 1076b).

acabar un suceso como el rosario de Amozoc, acabar como el rosario de la aurora (DM: 1160a).

Adelante con la cruz, que el diablo se lleve al muerto (DM: 30b).

Adónde ha de ir el buey que no are? (DM: 154a).

Ah qué suerte tan chaparra! hasta cuándo crecerá! (DM: 988a).

ahogarse en un vaso de agua (DM: 1161b).

andar con Jesús por los rincones, andar con rodeos, ... con ambages, ... con subterfugios (DM: 632 b).

andar de rata aturdida, andar como moro sin señor, estar ..., andar solo y desamparado (DM: 918b).

andar del tingo al tango (DM: 1049a).

Apenas les dicen 'mi alma', y ya están pidiendo al cura, ... y ya están pidiendo casa (DM: 72b).

Se ben no *Diccionario de mejicanismos* abundan os xiros da fala popular mexicana como *de que* en *De que dice esta mula es mi macho* (DM: 745), *estar de* en expresións como *estar de fierro malo* (DM: 1172b), *estar de mantel largo, estar de manteles largos* (DM: 693b), *estar de mírame y no me toques, estar de mírame y déjame* (DM: 727a); son máis frecuentes os chamados modismos. Os xiros son modos rápidos e expresivos de dici-las cousas, especie de metaforizadores ou atallos verbais efectivos e moi puntuais, que só coñece o falante nativo dunha lingua. Por exemplo: as simples negacións

coordinadas “no fui al cine ni estuve en Guadalajara” poden expresarse máis eficazmente mediante unha gradación do tipo de “ni fui al cine y ni siquiera estuve en Guadalajara” (Schökel e Zurro 1977: 212-247). Un xiro verbal mexicano recollido por Santamaría é o *nomás* de, por exemplo, *No a todos les está el puro, nomás a los hocicones* (DM: 897b) ou ben do célebre cuarteto paremiolóxico:

*Cuando yo tenía dinero,
me llamaban don Tomás;
ahora que no lo tengo,
me dicen Tomás nomás* (DM: 318a)¹⁰.

Ademais dos refráns que normalmente teñen a forma dunha proposición binaria, hai, deste tipo, xiros léxicos como *nomás* ou *barájamela*, xiros sintácticos como *Ni tanto (que queme al santo) ni tanto (que no lo alumbre)* e construcións como *al son de no verso No importa que el bronce gima al son de la campanada*, recollido posteriormente, despois de Santamaría, en varios refraneiros. Este verso, que funciona ás veces como refrán exclamativo, forma parte da *letrilla*, di Santamaría de Vasconcelos, *El Negro Poeta*, e dicía así:

*¡Qué importa que el bronce gima
al son de la campanada,
si una lengua desatada
hasta las piedras lastima!* (DM: 1165a).

Tamén un xiro léxico rexistrado por Santamaría é, en fin, a estrutura de *le* indirecto redundante construída con *le* seguido de obxecto indirecto léxico, como no célebre verso paremiolóxico *No le digas nada a Lola*, que Santamaría recolle e do que cita a popular oitava da súa procedencia:

*Nube blanca y nacarada,
por el espacio tan sola,
si no vas muy ocupada
cuéntale mi amor a Lola.
Pero si vas ocupada
por el espacio tan sola
vete mucho a la chingada,
no le digas nada a Lola* (DM: 666a).

¹⁰ Nota da tradutora: en galego tamén contamos con cuartetos populares moi semellantes a este:

*Cando eu tiña diñeiro,
chamábanme “meu Pedriño”;
agora que vin a menos,
chámanme “Peruleiriño”.*
*Cando tíven eu diñeiro,
chamábanme don Tomás;
agora que non o teño,
solo me chaman Tomás.*

En cambio, comunmente enténdese por modismos, co *Diccionario de uso del español* de María Moliner (1990), unha locución, ou sexa, unha “expresión pluriverbal de forma fija que se inserta en el lenguaje como una pieza única”. Trátase de expresións fixas que son susceptibles de desempeñaren funcións xa de adverbios como *del tingo al tango, sin oficio ni beneficio, a manos llenas, sin ton ni son* ou *a pie juntillas*; xa de adxectivos como *de mírame y no me toques*; xa de preposicións como *a favor de, en aras de*; aínda que no dicionario de Santamaría abundan os modismos como *a palos, a dos carrillos, a dos puyas*.

Pero, sobre todo, no *Diccionario de mejicanismos* de Santamaría abundan as frases feitas como, segundo María Moliner, se lle chama á

[...] *expresión preformada que se intercala corrientemente en el habla, sin introducir en ella ninguna variación, o, a lo más, las que impone la flexión de algún elemento de ella ; como «estar agua al cuello, ahí me las den todas», o «¡gracias a Dios!».* Se diferencia del modismo o el giro en que estos no constituyen una oración completa; se diferencia de la «frase proverbial» en que no encierra una sentencia. Algunas frases extranjeras de esta clase se intercalan en el lenguaje culto en su idioma original: ‘E tutti contenti. Eppure si muove’ (Moliner 1990).

echarle mocos al atole.

espantar a uno con el petate del muerto (DM: 505a e 838b).

estar a partir un piñón (DM: 808a).

estar como agua para chocolate (DM: 37a).

estar como atole de enfermo (DM: 95b).

estar como para tamalito.

estar con el Credo en la boca (DM: 310b), *estar con el Jesús en la boca, vivir con el Jesús en la boca* (DM: 632b).

estar el mal en el hígado (DM: 594).

estar hecho un charal (DM: 362b), *estar hecho un chichicuilote* (DM: 378b).

estar hecho un Judas, parecer un Judas (DM: 646a).

estar uno bailando en la cuerda (DM: 329b).

estar uno como gallo en patio ajeno (DM: 511b).

estar uno como la manga de un chaleco (DM: 690a).

estar uno como rifle (DM: 1179b).

estar uno con el moño torcido (DM: 738a).

estar uno curado de espantos (DM: 511b), *estar uno curado de espanto* (DM: 339a e 505a). *Estoy curado de espanto* (DM: 505a).

4. Outras locucións

Existen no dicionario de Santamaría outra serie de locucións que, en xeral, teñen unha índole léxica de tipo gramatical. Con frecuencia son adverbiasións, adxectivacións ou denominacións puntuais que como maneiras de dicir puntualizan, marcan ou coloran a

fala¹¹. Este tipo de locucións menos estudadas pola fraseoloxía mexicana teñen, con todo, unha ampla variedade funcional discursiva que hoxe se está a analizar. Velaquí algúns exemplos:

- a boca de jarro* (desempeña a función de adverbio de modo).
- a chingadazos* (desempeña a función de adverbio de modo).
- aguja de arriero* (desempeña a función de adverbio de modo).
- Ahí nomás, tuna cardona, ya llegó tu cuitlacoche* (exclamación interxectiva).
- a huevo* (desempeña a función de adverbio de modo).
- A la chingada* (exclamación interxectiva).
- a toda madre* (desempeña a función de adverbio de modo).
- a todo mecate* (desempeña a función de adverbio de modo).
- A ver si es cola, y pega* (dito deliberativo).
- Adelante con la cruz, que el diablo se lleve al muerto* (orde con ornato).
- Ah qué suerte tan chaparra! ¡hasta cuándo crecerá!* (exclamación con ornato).
- al filo del agua* (desempeña a función de adverbio de modo).
- al tu por tu* (desempeña a función de adverbio de modo).
- andarse con tiento* (expresión adverbial de recomendación).
- andar del tingo al tango* (expresión adverbial descritiva).
- Apaga y vámonos* (orde con ornato).
- a todo dar* (desempeña a función de adverbio de modo).
- colgar el equipo* (expresión descritiva dunha acción).
- como agua para chocolate* (desempeña a función de adverbio de modo).
- como cuchillo de melcochero: pegosteadado y lleno de abolladuras* (desempeña a función de adverbio de modo).
- Como dicen los Panchos: caminemos* (frase conminativa).
- como dijo la viejita: a la antigüita* (desempeña a función de adverbio de modo).
- como el buey dañero: donde no hace daño, se asoma* (desempeña a función de adverbio de modo).
- como el chichicuilote: pico largo, pero tonto* (desempeña a función de adverbio de modo).
- como el chile piquín: chiquito, pero picoso* (desempeña a función de adverbio de modo).
- como los gallos chinamperos: un tirito y a la barrera* (desempeña a función de adverbio de modo).
- como los gallos de Puebla, grandotes y correlones* (desempeña a función de adverbio de modo).
- como los gatos, que caen siempre parados* (desempeña a función de adverbio de modo).
- como los indios de Xochimilco, pidiendo el chile a gritos* (desempeña a función de adverbio de modo).
- como los músicos de rancho, que se les va el tiempo en templar y salir a mear* (desempeña a función de adverbio de modo).
- como títeres de rancho: a huevo son las entradas* (desempeña a función de adverbio de modo).

¹¹ Gloria Corpas (1997: 88-169) colócaas na esfera das locucións.

Con qué chiflas, desmolao, si no tienes instrumento (circunstancial de instrumento).
Con qué ojos, divina tuerta (circunstancial de instrumento).
con tal de que (conxunción condicional).
de aguilita (desempeña a función de adverbio de modo).
de la chingada (desempeña a función de adverbio de modo).
echarle crema a sus tacos.
echarle mocos al atole.
Échate ese trompo a l'uña.
el alcalde de Lagos.
estar a partir un piñón (desempeña a función de adverbio de modo).
estar como para tamalito (desempeña a función de adverbio de modo).
estar hecho un charal (desempeña a función de adverbio de modo).
estar hecho un chichicuilo (desempeña a función de adverbio de modo).
Este aguacate me lo embarro en mi bolillo.
los de abajo (expresión adxectiva).
ponerse uno águila (expresión de modo).
Que la boca se te haga chicharrón (exclamación interxectiva).
quemarse uno sus alipuces (dito descriptivo).
se me hace (dito conxectural).
Tanto tiempo de atolera y no saberlo menear.
torear el chile (dito descriptivo).
uno del águila (expresión denominativa).
Ya Chole vendió su rancho (expresión interxectiva).
Ya ni la amuelas (expresión interxectiva).
Ya porque se muere un burro es año de mortandad (dito interxectivo).
Ya se acabaron los indios que tiraban con tamales (dito interxectivo).

En todo caso, partimos do xa mencionado e coñecido suposto de que as unidades fraseolóxicas dunha norma lingüística como o castelán mexicano son textos parasitos, ó igual cós refráns. En efecto, dende o punto de vista discursivo, unidades fraseolóxicas como as anteriores funcionan como textos parasitos ó xeito dos refráns e demais textos cos que comparten o eido notional: estes textos só desempeñan a súa función discursiva inseridos nun contexto textual maior no que son susceptibles de dicir máis do que enuncian polo seu carácter emblemático. Son cuasilemas dun emblema cultural e, ó agroma-la unidade fraseolóxica ou o refrán, evócase a figura deles, de tipo sociocultural. Tanto os ditos como moitas das unidades fraseolóxicas do castelán mexicano son textos parasitos na medida en que só funcionan inseridos nun texto maior, que requiren e no que cumpren unha función discursiva, principalmente argumentativa, relacionada con principios como o de que os refráns son só verdades do falar, puntos de apoio da argumentación e postulados xulgados indiscutibles polo interlocutor dentro dunha cultura cando fala, cando defende os seus puntos de vista e, en xeral, cando alega¹².

¹² Sen entrar en cuestións taxonómicas ou de nomenclatura, como xa sinalamos, estamos no eido notional das frases breves ás que pertencen non só distintos tipos de refráns senón os chamados xiros, modismos, frases feitas, locucións e demais denominacións fraseolóxicas.

5. Os ditos

En todo caso, se cadra é a categoría de *dito*, dende logo dende varios aspectos distinta á de *refrán* e á das unidades fraseolóxicas gramaticais, a máis axeitada para designa-las expresións gnómicas floridas que teñen unha función discursiva que non é a función entimemática senón a moi retórica función de ornato, a función didáctico-argumentativa do *exemplum* ou algunha outra¹³. Trátase de unidades fraseolóxicas xeralmente construídas sobre un verbo flexionable e, por tanto, adaptable ás circunstancias da concordancia verbal. Do corpus fraseolóxico recollido por Santamaría, consideramos como ditos os seguintes:

Atráncate, bandolón, hora que tienes tocada (DM: 96b).

Aun no tienes vaca y ya vienes con la totuma (DM: 1103a).

Ay, Chihuahua, cuánto apache!, ... cuánta vieja de guarache, ¡Qué Chihuahua... (DM: 382b).

Ay, delicioso jorongo, cómo me rozan tus lanas (DM: 1175a).

Ay, qué suerte tan chaparra! / ¿Hasta cuando crecerá? / Vámosle poniendo zancos, / A ver qué pasitos da (copla popular) (DM: 358b).

Ay, reata, no te revientes que es el último jalón! (DM: 921a).

Échale copal al santo, aunque le jumiés las barbas, ... aunque se le ajumen los pelos, ... las barbas (DM: 293b).

Échate ese trompo en la uña y agarra la cuerda en la otra, ... a ver si tataratea, cógeme ese trompo ... (DM: 1089b).

Como sinalamos profusamente en *El hablar lapidario. Ensayo de paremiología mexicana* (Pérez 1996), estas frases paremiolóxicas que noutra parte chamamos *refrãs exclamativos* prefiren, en xeral, outros mecanismos discursivos e teñen unha función principalmente ornamental. Non obstante, hai no refraneiro mexicano tamén frases paremiolóxicas exclamativas dotadas dunha estrutura emblemática que teñen unha función prevalentemente didáctica e que funcionan argumentativamente como *exempla*: *¿A quien le dan pan que lllore?* Polo tanto, as frases paremiolóxicas exclamativas son, ás veces, ornato puro, outras un adorno con funcións semióticas dentro do discurso que se atañen a outros códigos e se pegan ó discurso maior no que funcionan ben a partir de imaxes fraseolóxicas populares que funcionan na cultura popular, ben por medio de recursos acústicos, como mencionamos. Certamente, polo xeral este tipo de frases é de índole acústica e corresponde á concepción do *son estupendo*¹⁴, moi propia do espírito barroco que impregna, por vocación, a cultura mexicana; con todo, hai frases paremiolóxicas exclamativas que descansan nun sistema de figuración emblemática e son conativas dende o punto de vista da enunciación por vías distintas da exclamatividade pura. Por exemplo, mediante a conación interrogativa.

¹³ Entre os ditos, considerámo-las expresións gnómicas nas que o trazo enunciativo predominante é a exclamatividade.

¹⁴ Verbo da expresión *son estupendo* como característica do estilo barroco, pode verse o noso libro *Estudios sorjuanianos* (1988: 69 e segs.).

Pois ben, estas frases paremiolóxicas exclamativas, cremos, deben de ser estudadas baixo a categoría de *ditos*: son refráns de baixo rango fincados xa no seu carácter de son estupendo, xa no da súa figuratividade visual. En calquera caso, documentan unha fala, un estilo e unha maneira de argumentar propios da paremioloxía rancheira, como se ve tanto no corpus de Agustín Yáñez como no de Rubio e, dende logo, no de Santamaría. Velaquí algúns exemplos:

Con cuidado que aquí hay lumbre, no se vayan a quemar.
Con qué chiflas, desmolao, si no tienes instrumento.
Con tiento, santos varones, que el Cristo está apolillado.
Dale vuelo al bandolón, aprovecha la tocada.
Ache, huarache, huache, / ay, víboras chirrioneras, / a que no me pican ora / que traigo mis chaparreras...
Adelante con la cruz, que se lleva el diablo al muerto.
Ah qué gente tiene mi amo, y más que le están llegando.
Ah qué rechinar de puertas, parece carpintería.
Ah, qué bonita trucha para tan cochino charco.
Ah qué mi Dios tan charro, que ni las espuelas se quita.
¡Ah qué moler de criaturas, parecen personas grandes!
Ahora sí, violín de rancho, ya te agarró un profesor.
Ánimas que salga el sol pa saber cómo amanece.
¡Ay, madre, qué pan tan duro y yo que ni dientes tengo!
Atórale que es mangana porque se te va la yegua.
Bien haya lo bien nacido, que ni trabajo da criarlo.

As frases paremiolóxicas exclamativas, como as frases paremiolóxicas interrogativas coas que comparten non poucas características, como a conatividade e o carácter acústico, son, en efecto, ditos tonais na medida en que descansan nunha entoación ascendente ou descendente pero normalmente alta. O ataque é xeralmente alto, a coda tende a descender. Están constituídos ben por exclamacións, ben por interrogacións, e o seu valor discursivo, en castelán, é de índole estritamente tonal. En castelán non existen marcas sintácticas nin da exclamatividade nin, comunmente, da interrogatividade: os trazos tanto da exclamatividade como da interrogatividade radican máis ben na enunciación e expresan, semanticamente, estados espirituais do falante (Alcina e Blecua 1975: 481 e segs.). Frases que, por tanto, dende o punto de vista sintáctico poidan ser tidas como sentenzas, poden ser exclamativas ou interrogativas dende o punto de vista pragmático xa que ó enunciarse son susceptibles de adoptar unha liña melódica exclamativa ou interrogativa ascendente, descendente ou ondulada.

Se as exclamacións e preguntas paremiolóxicas non teñen máis finalidade semántica cá de indicar un estado de ánimo, sintacticamente poden estar montadas sobre unha interxección e, polo mesmo, seren asumidas como tales. Así, en castelán calquera frase se pode converter en exclamativa ou interrogativa segundo o tipo de entoación que se lle dea. Aínda que, claro, teñamos marcas morfolóxicas tanto da exclamación como da interrogación nos respectivos pronomes exclamativos e interrogativos *qué*, *cómo*, *cuándo* ou *cuánto* (Alcina e Blecua 1975: 596). *Cuán* é unha marca pronominal só exclamativa. Neste sentido, tanto as exclamacións como as interrogacións

paremiolóxicas ou teñen un carácter sintacticamente interxectivo ou, en todo caso, son expresións formais dunha conación¹⁵.

Se ben estritamente falando a exclamatividade é un trazo máis propio dos textos orais, tamén na escrita hai signos para indica-lo carácter exclamativo ou interrogativo dos textos, á marxe da escrita sintáctica e, por outra parte, en moitos aspectos aparece a primariedade do discurso falado sobre o escrito impoñéndolle marcas que rebordan os niveis léxico, sintáctico e discursivo; este sería un deses privilexios de primariedade. De calquera xeito, enfrontámonos aquí á situación na que os trazos discursivos dun texto, como os gramaticais, son extraídos primariamente dos textos falados: para saber se unha expresión é exclamativa hai que practicarlle un test de exclamatividade. A exclamatividade oponse á enunciación reflexiva. Así, hai textos catalogables como exclamativos no sentido de que son susceptibles dunha enunciación exclamativa e hainos máis propios dunha enunciación reflexiva. Como dixemos máis arriba, este tipo de textos ten co seu entorno discursivo un enlace de tipo exclusivamente acústico constituído case sempre polas primeiras palabras do texto gnómico. Neste caso, serven de enlace co discurso, respectivamente, as primeiras palabras do texto. En tódolos casos insírense a maneira de irrupcións exclamativas de tipo sentencial, interrogativo ou simplemente exclamativo, mediante nexos preferentemente acústicos, figurativos ou sen nexos. Unha tarefa que agarda á fraseoloxía, e con esta á paremioloxía, é, por todo o anterior, un inventario exhaustivo das funcións discursivas dos textos gnómicos e das maneiras en que as realizan. Frases desta índole, aínda que teñen un indubidable carácter paremiolóxico, non cumpren no discurso a función dun entimema:

- *A ver a una boda y a divertirse a un fandango.*
- *A mi no me cantan ranas; a cantar a la laguna.*
- *A mi no me digas tío, porque ni parientes somos.*
- *A mí no me tizna el cura ni en miércoles de ceniza.*
- *A darle que es mole de olla.*
- *A caballo andan los hombres y no en pinches burros ojetes.*
- *A l' hora de freír frijoles manteca es lo que falta.*
- *Ah qué suerte tan chaparra, hasta cuando crecerá.*
- *Ah qué retebién con lápiz, hasta parece con tinta.*
- *Ah qué bonito bagre para tan cochino charco.*
- *Ah qué gente tiene mi amo, y más que le está llegando.*
- *Ah qué rechinar de puertas, parece carpintería.*
- *Ah qué mi Dios tan charro, ni las espuelas se quita.*
- *Ahi nomás, tuna cardona, ya llegó tu cuitlacoche.*
- *Ahora tejones, porque no hay liebres.*
- *Ahora sí que las de abajo cagaron a las de arriba.*
- *Ahora es cuando chile verde (yerbabuena) le has de dar sabor al caldo.*
- *Ahora llueve en el palmar o nos lleva la tiznada.*
- *Ahora sí, violín de racho, ya te agarró un profesor.*
- *Ahora lo verás, huarache, ya apareció tu correa!*

¹⁵ Para o concepto de *interxección* no castelán contemporáneo, véxase Alcina e Blecua (1975: 817 e segs.).

Herón Pérez Martínez

- *¡Ahora que entierran de oquis, vámonos muriendo todos!*
- *Al pasito, entre las piedras, porque el macho no está herrado.*

6. Bibliografía

- ALCINA FRANCH, Juan e BLECUA, José Manuel (1975): *Gramática Española*. Ariel, Barcelona.
- APPENDINI, Guadalupe (1977): “Refranes populares de México” en *Sepan Cuantos* 674. Porrúa, México.
- CORPAS PASTOR, Gloria (1997): *Manual de fraseología española*. Gredos, Madrid.
- GRIJELMO, Álex (2005): *El genio del idioma*. Taurus, México.
- MOLINER, María (1990): *Diccionario de uso del español*. Gredos, Madrid.
- PÉREZ MARTÍNEZ, Herón (1988): *Estudios sorjuanianos*. Instituto Michoacano de Cultura, Morelia.
- (1996): *El hablar lapidario. Ensayo de paremiología mexicana*. El Colegio de Michoacán, Zamora.
- PLATAS TASENDE, Ana María (2000): *Diccionario de términos literarios*. Espasa, Madrid.
- RAIMONDO CARDONA, Giorgio (1991): *Diccionario de Lingüística*. Ariel, Barcelona.
- SANTAMARÍA, Francisco J. (1983⁴): *Diccionario de mejicanismos*. Porrúa, México.
- SCHÖKEL, Luis Alonso e ZURRO, Eduardo (1977): *La traducción bíblica: lingüística y estilística*. Cristiandad, Madrid, 212-247.